



**ACTA DE DITAME DO XURADO DO XXIV PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS,
X PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E XIII PREMIO BARRIGA
VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES**

LUGAR: sala de xuntas Agadic (Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, Santiago)

DATA: 5 de novembro de 2018

HORA DE COMEZO: 17.00 h

HORA DE REMATE: 19.30 h

ASISTENTES: Laura Tato Fontaíña, Ana María Carreira Varela, Cristina Domínguez Dapena,
Cándido Pazó González, Roi Vidal Ponte e Marcelina Calvo Domínguez.

- Seguindo as bases da convocatoria do XXIV premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, X Manuel María de literatura dramática infantil e XIII Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (establecida por medio da resolución do 4 de decembro de 2017 e publicada no DOG do 28 de decembro de 2017, nº 245), o xurado, constituído polos membros que se relacionan a continuación segundo a resolución da dirección da Agadic do 5 de abril de 2018, reúnese para fallar os premios na súa edición 2018.

- **Laura Tato Fontaíña**, presidenta
- **Ana María Carreira Varela**, vogal
- **Cristina Domínguez Dapena**, vogal
- **Laura Míguez Escudero**, vogal
- **Cándido Pazó González**, vogal
- **Roi Vidal Ponte**, vogal
- Actúa como secretaria, **Marcelina Calvo Domínguez**

- A secretaria informa que un dos membros do xurado, **Laura Míguez Escudero**, non pode asistir á reunión por motivos persoais. As súas valoracións sobre os textos están en poder da secretaria, do que dará conta en cada momento do proceso.
- Valorados os textos presentados ao premio **ÁLVARO CUNQUEIRO**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **XXIV premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais** ao texto presentado baixo o título **Ás oito da tarde, cando morren nas nais** (AC37).

Comprobado o expediente correspondente, AC37, a gañadora resulta ser **Avelina Pérez Pérez**.

Salienta o xurado o carácter lúdico e crítico da obra, que explota as posibilidades do xogo escénico cunha concepción aberta do espazo e cunha mirada irónica sobre a relación entre o teatro e a súa recepción. Cun deseño de personaxes tipo que funcionan case de xeito coral e musical, unha notable soltura rítmica e unha dinámica de diálogos moi fluída, a súa coherencia dramatúrxica consegue trasladar o foco da escena





cara ás butacas cunha temática autocrítica e metateatral e un estilo de gran forza expresiva cheo de humor e de crítica sociolóxica.

- Valorados os textos presentados ao premio **MANUEL MARÍA**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por unanimidade, o **X premio Manuel María de literatura dramática infantil** ao texto presentado baixo o título ***Somos os monstros*** (MM07).

Comprobado o expediente correspondente, MM07, a gañadora resulta ser **Paula Carballeira Cabana**.

Segundo o xurado, *Somos os monstros* destaca pola boa carpintaría dramática, que posibilita un xogo escénico moi dinámico no que se pode aproveitar moi ben o espazo e o tempo teatral, moi na liña dos xogos infantís, con personaxes, situacións e diálogos de debuxo sinxelo, en coherencia coa proposta dramaturxica da peza, pero dun gran dinamismo e riqueza signica que logran transmitir un trasfondo potente e un universo simbólico suxestivo e interesante para o espectador infantil e adolescente.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade adultos**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, por maioría, decide deixar deserto o **XII premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos**, segundo a prerrogativa que lle concede a base oitava da convocatoria.

O xurado decide deixar deserto o Premio Barriga Verde para adultos pola escasísima calidade dos orixinais presentados e/ou a pouca, deficiente ou nula adecuación ás características definitorias do xénero de teatro para bonecos, obxecto específico e declarado deste premio. Toma esta decisión o xurado en reivindicación do prestixio do propio premio e como mostra de consideración e respecto polo xénero.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade para rapaces**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, por unanimidade, decide deixar deserto o **XII premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces**, segundo a prerrogativa que lle concede a base oitava da convocatoria.

Vista a escasísima calidade dos orixinais presentados e/ou a pouca, deficiente ou nula adecuación ás características definitorias do xénero de teatro para bonecos, obxecto específico e declarado do premio, o xurado decide deixar deserto o Premio Barriga Verde na modalidade infantil. O xurado toma esta decisión en reivindicación do prestixio do propio premio e como mostra de consideración e respecto polo xénero.

Entende o xurado que pola propia configuración dos espectáculos para monicreques podería valorarse a conversión deste premio en premios a espectáculos estreados.





XXIV PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS

Exp.	Titulo/lema	Puntuación
AC01	Píntega perdida en azul autoestrada	49
AC02	O retrato	63
AC03	Nichos con vistas á ría	53
AC04	Cintoulo	27
AC05	A porta Malevich	68
AC06	Baviera é un fermoso nome	51
AC07	Caldaloba	55
AC08	Animais domésticos	53
AC09	Amorodo agre	63
AC10	741	51
AC11	Viral	58
AC12	Mamá souvenir	60
AC13	MAN	69
AC14	Heliogábalo ou os paxaros do emperador	54
AC15	Cronos devorando as súas fillas	53
AC16	A falsa verdadeira historia do nacemento de La dama duende	47
AC17	Engadir auga e esperar...	61
AC18	Realness	51
AC19	O condutor bilingüe	48
AC20	España en celo	49
AC21	Todas seremos Fany	55
AC22	Sempre saúdaban	45
AC23	Samesugas	64
AC24	As mentiras berran no corazón	81
AC25	O sorriso das neveiras aniquírame	67
AC26	1846	67
AC27	Córpore insepulto	53
AC28	O incendio da palabra: traxedia	63
AC29	Prisciliano de Ávila	75
AC30	Cabaliños de mar	38
AC31	Encher o baleiro	48
AC32	Os topos choran cada noite	54
AC33	Somos samsa	53
AC34	Só un home bo	66
AC35	Obxecto directo	69
AC36	Coa pel curtida	68
AC37	Ás oito da tarde, cando morren as nais	83
AC38	Sen orquestra	57
AC39	Vermello abouzar	63

X MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL

Exp.	Titulo/lema	Puntuación
MM01	A cantiga esquecida (conto de outono)	55
MM02	O anónimo	53
MM03	Urraca	65
MM04	Mensaxe nunha etiqueta	70
MM05	Cabaliños	68
MM06	Nubes	52
MM07	Somos os monstros	80
MM08	Que ninguén se mova!	60
MM09	O cantar dos grilos	60
MM10	Cando o vello Marco Polo volveu da China	61
MM11	A canción do arco da vella	54
MM12	A rexión escura	70
MM13	Mister Magátius	51





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

XIII BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES modalidade adultos

Exp.	Titulo/lema	Puntuación
BVA01	Escoitas aos grilos?	45
BVA02	Museo SXX (con que soñan os monicreques?)	39
BVA03	Moloch	35
BVA04	Carta de Prema	39
BVA05	Libelus papillionis	49
BVA06	Terra feliz	48
BVA07	Haruki	40
BVA08	Despezadas	43
BVA09	Non é un lugar	33

XIII BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES modalide infantil

Exp.	Titulo/lema	Puntuación
BVI01	O estornioño Nino	44
BVI02	O Cholas	48
BVI03	O tesouro da Costeira	49
BVI04	Paraíso	49
BVI05	Farrapos	45
BVI06	Fuga de letras na biblioteca	40
BVI07	A sopa da felicidade	49
BVI08	Contra o reloxo	41
BVI09	Uxía atrapada no mundo da fantasía	49
BVI10	Nubeiro e Nubía	47
BVI11	Érase unha vez no far ghües	46
BVI12	A illa luminosa	49
BVI13	Brancaflor non quere ser princesa	41
BVI14	O equipo B	43

Rematado o proceso, levántase a sesión 19.30 horas.

E para que así conste, asinan esta acta na data que figura na marxe a presidenta e a secretaria do xurado

Laura Tato Fontaíña
Presidenta

Marcelina Calvo Domínguez
Secretaria

